

NANOMATERIAIS NA CONSTRUCCIÓN


Que sabemos sobre os nanomateriais na construción?

Que son os nanomateriais?


Un nanomaterial é calquera tipo de substancia que ten un tamaño entre 1 e 100 nanómetros. Un nanómetro é 100.000 veces máis delgado que un pelo humano, ou sexa, algo realmente pequeno.

A materia a este tamaño ten unhas propiedades extraordinarias que se aplican na construción para fabricar novos materiais cunhas propiedades que superan as dos materiais de construción tradicionais, por exemplo:


- Cementos con capacidade de autorreparación.
- Tellas con capacidade para eliminar contaminantes atmosféricos como os óxidos de nitróxeno.
- Superficies que repelen a sucidade.
- Recubrimentos superhidrofóbicos.
- Cristais con capacidade de almacenar enerxía.



Nanotubo de carbono sobre pelo humano.



Hai máis de 450 produtos con nanomateriais



Madeiras, ferralla, cemento, formigón, pintura, recubrimentos...



Hai descoñecemento no sector



Existe preocupación pola saúde no traballo


Cales son os riscos?

Alguns nanomateriais poden ser seguros, pero outros demostraron toxicidade en probas de laboratorio.

Son especialmente preocupantes as fibras ríxidas e longas como algúns nanotubos de carbono (NTC).

Certos tipos de nanotubos de carbono compórtanse ás veces como as fibras de amianto. Os nanomateriais non parecen afectar a pel sa pero si que poden penetrar a través de feridas.

Estes materiais de construción poden liberar nanomateriais cando son cortados ou manipulados mecanicamente. Os que se presentan en po son de especial preocupación, por exemplo, nalgúns cementos. A principal ruta de exposición é a inhalación. A clave é limitar a exposición.



Nanotubo de carbono de parede múltiple atravesando o pulmón.

Existe preocupación polos riscos por exposición a nanomateriais no traballo

Os nanomateriais teñen propiedades extraordinarias que se aplican en moitas materias primas no sector da construción durante todo o proceso construtivo, desde a preparación do terreo, a cimentación ata os cerramentos e acabados finais. Aínda que moitos son inocuos, outros poden ser tóxicos ou mesmo canceríxenos.



PROTÉXETE

1. A empresa debe informar sobre os nanomateriais que hai nos produtos que se manexan e sobre os seus riscos.
2. Evita o po.
3. Utiliza unha protección respiratoria.
4. Consulta o Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

